1.1. No caso de persoa con grado de discapacidade igual ou superior ao 65%, computarase como se fosen 2 persoas.

No caso de que o grado de discapacidade estivese entre o 33% e o 65% computarase como 1,5.

1.2 No caso de que a nai sexa unha persoa vítima de violencia de xénero acreditada mediante sentenza firme, aplicarase a súa renda o coeficiente 0,35. Este coeficiente será de aplicación durante os primeiros 5 anos contados dende a data da sentenza.

1.3 No caso de que o/a pai, nai, titor/a sexa un/a titor/a monoparental, único/a perceptor/a de ingresos e os/as fillos/as non tiveran rematado o ensino obrigatorio, aplicarase a súa renda o coeficiente 0,55. Poderá aplicarse este coeficiente no caso de que os/as fillos/as percibiran prestacións de carácter público con motivo de discapacidade, invalidez e orfandade.

1.4 No caso de que o/a pai, nai, titor/a levasen en situación de desemprego máis de 22 meses ininterrompidos, aplicarase á súa renda un coeficiente do 0,35.

Para o desfrute desta exención deberá solicitarse expresamente e autorizar ao Concello para que recabe a información sobre os ingresos de todos os integrantes da unidade familiar e aportar, no seu caso certificados de discapacidade ou título de familia numerosa.

2. Terá unha bonificación do 35% no importe das taxas o alumnado de horario reducido de tarde.

3. Aplicarase unha bonificación do 100% nas taxas reguladas na presente ordenanza a un segundo fillo ou filla e sucesivos/as da unidade familiar.

4. Agás o disposto no apartado anterior así como en normas con rango de Lei ou Tratados Internacionais, non se admitirán outros beneficios fiscais nas taxas obxecto desta Ordenanza fiscal.

ARTIGO 4.- COTAS.



**DIRECCIÓN DE INGRESOS
E
XESTIÓN CATASTRAL DELEGADA**

**CONCELLERÍA
DE
ORZAMENTOS E FACENDA**

**CONCELLO DE
VIGO**



As cotas tributarias relativas as taxas reguladas nesta Ordenanza determinaranse con arranxo ás seguintes tarifas (as correspondentes mensualidades de tarde que constan neste artigo resultan da aplicación do artigo 3.2 desta ordenanza):

Por cada nena ou neno pertencente á unidade familiar con capacidade económica per cápita mensual ata: 161,34€:

matrícula e mensualidade ordinaria exento
matrícula tarde e mensualidade tarde exento

entre 161,34 e 268,91€
matrícula e mensualidade ordinaria exento
matrícula tarde e mensualidade tarde exento

entre 268,92 e 347,17€
matrícula e mensualidade ordinaria exento
matrícula tarde e mensualidade tarde exento

entre 347,18 e 403,37€
matrícula e mensualidade ordinaria 50,85€
matrícula tarde e mensualidade tarde 33,05€

entre 403,38 e 472,00€
matrícula e mensualidade ordinaria 76,25€
matrícula tarde e mensualidade tarde 49,56€

entre 472,01 e 537,83€
matrícula e mensualidade ordinaria 101,70€
matrícula tarde e mensualidade tarde 66,11€

entre 537,84 e 547€
matrícula e mensualidade ordinaria 101,70€
matrícula tarde e mensualidade tarde 66,11€

entre 547,01 e 672,29€
matrícula e mensualidade ordinaria 127,10€
matrícula tarde e mensualidade tarde 82,62€

entre 672,30 e 806,75€
matrícula e mensualidade ordinaria 127,10€
matrícula tarde e mensualidade tarde 82,62€

entre 806,76 e 1075,68€
matrícula e mensualidade ordinaria 127,10€
matrícula tarde e mensualidade tarde 82,62€

mais de 1075,68€
matrícula e mensualidade ordinaria 127,10€
matrícula tarde e mensualidade tarde 82,62€

FAMILIA NUMEROSA, ata 543,25
matrícula e mensualidade ordinaria exento
matrícula tarde e mensualidade tarde exento



DIRECCIÓN DE INGRESOS
E
XESTIÓN CATASTRAL DELEGADA

CONCELLERÍA
DE
ORZAMENTOS E FACENDA

CONCELLO DE
VIGO



FAMILIA NUMEROSA,entre 543,26 e 547,00€ matrícula e mensalidade ordinaria	101,70€
matrícula tarde e mensalidade tarde	66,11€
Segundos/as e sucesivos/as fillos/fillas matrícula e mensalidade ordinaria	exento
matrícula tarde e mensalidade tarde	exento

ARTIGO 5.- DEVENGO E INGRESO.

5. A renuncia a unha praza xa adjudicada, sempre que se produza con anterioridade ao comenzo do ano dará dereito á devolución do 80% do importe da matrícula.
De producirse a renuncia durante o curso esta deberá producirse antes do día 25 do mes para surtir efectos no mes seguinte. Noutro caso devengarase o mes seguinte completo.

DISPOSICIÓN FINAIS

2ª. Esta modificación de ordenanza entrará en vigor e comenará a aplicarse o día seguinte ao da súa publicación no BOP permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas..

2º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- Facúltase á Concellería de Orzamentos e Facenda para a aprobación do correspondente texto refundido.

Vigo,

Asinan dixitalmente, a Técnica Xurídica de Dirección de Ingresos/Xefa da Inspección de Tributos e a Directora de Ingresos

Conforma o Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda



DIRECCIÓN DE INGRESOS
E
XESTIÓN CATASTRAL DELEGADA

CONCELLERÍA
DE
ORZAMENTOS E FACENDA

CONCELLO
DE VIGO



INTERVENCIÓN XERAL

DILIXENCIA

Remítolle o expediente 2701/500 de Modificación da ORDENANZA REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DAS ESCOLAS DE PRIMEIRA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL aos efectos que procedan.

Vigo, febreiro 2021

Asina, A Directora de Ingresos e Xestión Catastral Delegada



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 22/04/2021 09:16

Páxina 1 de 1

Expediente 2701/500

CSV: 27E5D1-21E6A1-BH2DC9-MFWYZJ-EU7EHT-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



ASUNTO: Informe de impacto de xénero da medida de gratuidade a segundos/as fillos/as e sucesivos/as que constitúe a modificación da ORDENANZA REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DAS ESCOLAS DE PRIMEIRA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL. 2021 (23).

I. ANTECEDENTES:

Atendendo á solicitude realizada pola directora de Ingresos e Xestión Catastral Delegada, emítase o presente informe de impacto de xénero sobre a modificación da Ordenanza reguladora das taxas pola prestación do servizo das escolas da primeira etapa de educación infantil.

A modificación proposta consiste en incluír no artigo 3 da Ordenanza vixente un apartado 4 co seguinte teor literal “*aplicarase unha bonificación do 100% nas taxas reguladas na presente ordenanza ao segundo fillo ou filla e sucesivos/as da unidade familiar*”.

II. NORMATIVA DE REFERENCIA:

- Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia. Entre os seus obxectivos establece *proporcionar oportunidades e recursos que garantan a igualdade entre mulleres e homes e possibiliten a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral*. A disposición adicional novena (engadida pola Lei 7/2019), fai referencia a actuacións *para conseguir a gratuidade da atención educativa nas escolas infantís de 0-3 anos para segundos/as fillos/as e sucesivos/as*.

- Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia. Establece nos principios reitores: a) *A adopción de medidas que aseguren a conciliación do traballo e da vida persoal e familiar como medio para garantir un entorno favorable para a creación e libre desenvolvemento de las familias e o fomento de la natalidade, así como o acceso, a permanencia e a promoción laboral das persoas que asumiran algunha responsabilidade familiar*.

- Lei Orgánica 1/2004, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

- Lei 11/2007, galega para a prevención e tratamento da violencia de xénero.

III. DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN DE PARTIDA:

III. 1.- Hipótese:

1. Tradicionalmente, a crianza e o traballo de coidados de fillos e fillas ten recaído nas mulleres, que na actualidade seguen asumindo maioritariamente estas cargas familiares. Este reparto desequilibrado do traballo de coidados supón un impedimento ou dificultade no acceso ao mercado laboral para as mulleres, co consecuente impacto na súa capacidade económica. Faise necesario, por tanto, que entre outras medidas, se potencien os recursos de conciliación (como a mellora no acceso á educación infantil de 0 a 3 anos), que contribúan a mellorar as condicións de vida das mulleres, e por tanto a remover os obstáculos que impiden a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

No seguinte apartado, analizaranse unha serie de datos sociodemográficos relativos á participación das mulleres e homes no mercado laboral (a parcialidade, inactividade e taxa de ocupación), o nivel de renda de homes e mulleres, así como os datos referidos ás familias

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/04/2021 09:16	Páxina 1 de 5
	Expediente 2701/500	CSV: 2BE3D2-2DEFAC-B52CEE-QM1BS3-P9MKBH-EH	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



beneficiarias das escolas infantís municipais, que nos permitirán chegar a unhas conclusións que confirmen ou rebatan a hipótese formulada.

III.2.- Análise dos datos:

A continuación sinálanse unha serie de datos sociodemográficos desagregados en función do sexo, entorno a 3 variables: o acceso ao mercado laboral, o nivel de renda e o uso do servizo municipal ao que se refire a ordenanza de taxas, cuxa modificación é obxecto deste informe.

1º Acceso ao mercado laboral:

En 2018, en España (datos recollidos do INE e do Eurostat¹), o 16% das mulleres traballadoras a tempo parcial elixiron esta modalidade de emprego para dedicarse ao coidado de nenos e nenas e/ou persoas dependentes, fronte o 1,9% de los homes. Así, de todas as persoas que declararon traballar a tempo parcial para coidar de familiares, o 96,2% eran mulleres. Ademais, **esta brecha de xénero amplíase e faise máis grande canto maior é o número de fillos/as.**

No ano 2019, a porcentaxe máis alta de mulleres que non buscan emprego porque coidan a persoas dependentes corresponde ao grupo de idade de 35 a 44 anos cun 32,1% e nos homes corresponde ao grupo de idade de 45 a 54 anos, cun 38,0%. Con respecto ao motivo, no caso dos homes é non poder costear os servizos para o coidado de persoas adultas enfermas, con discapacidade ou maiores (58,4% do total). **No caso das mulleres, o principal motivo para un 33,5% é non poder costear os servizos para o coidado de nenos e nenas.**

Segundo datos do IGE², no ano 2020, a brecha de xénero (diferencia entre a taxa de ocupación masculina e a feminina) para poboación de 20 a 49 anos cun fillo/a menor de 6 anos foi de 14,40. Esa brecha aumentou a 20,30 cando se tiñan dous fillos/as e idade do/a fillo/a menor menos de 6 anos. Hai que ter en conta a situación de excepcional crise económica producida pola COVID19 no ano 2020 que provocou a destrución do emprego en moitos sectores. Esta situación de excepcionalidade fai que os datos de ocupación e paro de mulleres e homes non sexan representativos da tendencia xeral, polo que é preciso revisar os datos doutros anos. Os datos de, polo menos, 4 anos anteriores (de 2016 a 2019), amosan que a diferenza entre a taxa de ocupación feminina e masculina aumenta cantos máis fillos/as se teñen. Por exemplo, no 2019, a brecha de xénero para a poboación cun/ha fillo/a menor de 6 anos foi de 15,80, con 2 fillos/as 20,90 e con 3 ou máis 27,90.

2º Renda:

Segundo resultados da Enquisa de Condicións de Vida 2019³ (ingresos percibidos durante o ano anterior ao da entrevista), a renda anual neta media por fogar é maior se a persoa de referencia⁴ é home (31.314 euros) que se é muller (25.869 euros). A renda anual en caso de persoa de referencia muller representa un 82,6% da renda anual cando a persoa de referencia é home.

1 Datos recollidos no Informe de impacto de xénero do Proxecto de Lei dos Presupostos Xerais do Estado 2021.

2 Instituto Galego de Estatística. Indicadores de xénero.

3 Mujeres y hombres en España. Instituto Nacional de Estadística.

4 La renta anual neta media del hogar son los ingresos netos percibidos durante el año anterior al de la entrevista por los miembros del hogar, que son los que proporcionan la información para la elaboración de la encuesta. Estos ingresos se componen de: los ingresos del trabajo por cuenta ajena, beneficios/pérdidas del trabajo por cuenta propia, prestaciones sociales, rentas procedentes de esquemas privados de pensiones no relacionados con el trabajo, rentas del capital y de la propiedad, transferencias entre hogares, ingresos percibidos por menores y el resultado de la declaración por el IRPF y por el Impuesto sobre el Patrimonio. No se incluyen las componentes no monetarias, salvo el coche de empresa. FONTE: INE.





Ademais, o risco de pobreza persistente para o ano 2020, tanto en España como en Galicia, é maior nas mulleres que nos homes. A brecha é maior no grupo de idade entre 25 e 49 anos.

3º Perfil das persoas usuarias das Escolas infantís Municipais:

Segundo información facilitada polo Servizo de Educación ao Departamento de Ingresos e Tributos, o alumando total das escolas infantís municipais do presente curso escolar (2020-2021), fórmano 360 nenos e nenas.

Por outra banda, hai 23 familias compostas por un único proxenitor ou proxenitora. 21 destas familias están formadas por mulleres soas con menores a cargo, o que constitúe o 91,30%. Ademais, cando existe convivencia dos dous proxenitores, a porcentaxe de nais que solicitaron o servizo de escola infantil ascendeu ao 87 % fronte ao 13 % en que o solicitaron os pais.

III.3.- Conclusión diagnóstica:

Á vista dos datos, podemos concluír o seguinte:

- As mulleres a día de hoxe dedican máis tempo ao coidado dos fillos e fillas que os homes.
- Isto, entre outros factores, repercute negativamente no seu acceso e mantemento no mercado laboral, asumindo máis traballo a tempo parcial, e presentando maiores taxas de paro e de inactividade que os homes. A participación no mercado laboral diminúe canto maiores son as cargas familiares, e en particular co aumento de número de fillas e fillos e en idade de educación infantil.
- Isto, á súa vez, repercute en que as mulleres (e en particular as mulleres con fillos/as a cargo) teñan un nivel de renda inferior ao dos homes, e un maior risco de pobreza e vulnerabilidade social.
- A día de hoxe, as persoas solicitantes das escolas infantís municipais, son na súa grande maioría mulleres.
- É necesario, por tanto, reforzar a potenciar os servizos públicos dirixidos á conciliación que contribúan a reducir as desigualdades.

IV. ANÁLISE DO IMPACTO DE XÉNERO:

Tras a análise dos anteriores datos, podemos concluír, por tanto, o seguinte:

A aplicación dunha bonificación do 100% nas taxas pola prestación do servizo das escolas de primeira etapa de educación infantil municipais, **terá un impacto de xénero positivo indirecto:** diríxese á poboación en xeral, pero son as mulleres as principais beneficiarias desta medida, ao conformar a maior parte das solicitantes do servizo, e ao ser as mulleres as que adoitan realizar, en maior parte, o traballo de coidado dos e das fillas menores.

A igualdade de xénero non é o obxectivo principal da modificación que se pretende incorporar á ordenanza vixente, pero pódense esperar efectos positivos coa súa implementación, ao facilitar o acceso ao servizo de coidados de menores. Isto terá un impacto na carga de traballo non remunerado e no uso do tempo de homes e mulleres, contribuíndo, xunto con outras medidas favorecedoras da igualdade, a reducir as brechas de xénero descritas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/04/2021 09:16	Páxina 3 de 5
Expediente 2701/500	CSV: 2BE3D2-2DEFAC-B52CEE-QM1BS3-P9MKBH-EH	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Malia non ser obxecto deste informe, hai que ter en conta que existen outras medidas con impacto positivo de xénero contempladas na ordenanza reguladora das taxas pola prestación do servizo das escolas de primeira etapa de educación infantil que cabe destacar:

1º A redacción, en xeral, nunha linguaxe non sexista e inclusiva.

2º É positivo que se establezan medidas favorecedoras do acceso ao servizo ás mulleres en situación de maior vulnerabilidade, como poden ser as familias monomarentais, mulleres vítimas de violencia de xénero, familias nas que algún membro presente algunha discapacidade, ou familias con rendas máis baixas.

Non obstante, tamén existe un aspecto na ordenanza reguladora das taxas pola prestación do servizo das escolas de primeira etapa de educación infantil que consideramos que sería adecuado revisar, de cara a aumentar o impacto positivo na consecución da igualdade. En concreto, no que se refire á redacción do seguinte apartado:

Artigo 3: Exencións e bonificacións. Apartado.1.2. No caso de que a nai sexa unha persoa vítima de violencia de xénero acreditada mediante sentenza firme, aplicarase a súa renda o coeficiente 0,35. Este coeficiente será de aplicación durante os primeiros 5 anos contados dende a data da sentenza.

Hai un aspecto que, de modificarse, contribuiría dunha forma máis clara ao obxectivo de favorecer o acceso ao servizo mediante a bonificación das taxas deste sector da poboación tan vulnerable: a forma de acreditar tal situación.

A ordenanza vixente limita a forma de acreditación da situación de violencia de xénero a sentenza firme. Restringir a forma de acreditación da violencia de xénero excluíría do acceso a este beneficio a unha gran parte das vítimas de violencia (e por tanto, ás súas fillas e fillos): non só as que non dispoñen de denuncia por non chegar a denunciar ou por non resolverse favorablemente no xulgado, senón mulleres que, malia conseguir unha sentenza favorable, por tratarse dun proceso longo ou complexo, tardan anos en obter a firmeza da sentenza. Son precisamente os primeiros momentos tras a ruptura, cando aínda non se dispón de sentenza firme e deben afrontar o proceso xudicial, cando moitas mulleres precisan que se lles facilite o acceso a medidas de conciliación como as escolas infantís. Limitar a forma de acreditación limita o acceso a esta medida de apoio a moitas das mulleres en situación de maior vulnerabilidade.

As formas de acreditación establecidas na lexislación vixente son as seguintes:

Lei 11/2007, galega para a prevención e tratamento da violencia de xénero.

Artículo 5. Acreditación de la situación de violencia de género. A los efectos de la presente ley, la situación de violencia se acreditará por cualquiera de las siguientes formas:a) Certificación de la orden de protección o de la medida cautelar, o testimonio o copia autenticada por la secretaria o el secretario judicial de la propia orden de protección o de la medida cautelar.b) Sentencia de cualquier orden jurisdiccional que declare que la mujer sufrió violencia en cualquiera de las modalidades definidas en la presente ley.c) Certificación y/o informe de los servicios sociales y/o sanitarios de la Administración pública autonómica o local. d) Certificación de los servicios de acogida de la Administración pública autonómica o local

Lei Orgánica 1/2004, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

Las situaciones de violencia de género que dan lugar al reconocimiento de los derechos regulados en este capítulo se acreditarán mediante una sentencia condenatoria por un delito de violencia de género, una orden de protección o cualquier otra resolución judicial que acuerde una medida cautelar a favor de la víctima, o bien por el informe del Ministerio Fiscal que indique la existencia de indicios de que la demandante es víctima de violencia de género. También podrán acreditarse las situaciones de violencia de género mediante informe de los servicios sociales, de los servicios especializados, o de los servicios de acogida destinados a víctimas de violencia de género de la Administración Pública competente; o por cualquier otro título, siempre que ello esté previsto en las disposiciones normativas de carácter sectorial que regulen el acceso a cada uno de los derechos y recursos.





Cabe salientar que a Lei integral estatal establecía desde o ano 2004 que as formas de acreditación para o acceso aos dereitos aos que se refire a lei eran a sentenza, orde de protección ou medida cautelar, ou ben informe do Ministerio Fiscal sobre indicios da violencia de xénero. Todas estas, son formas diversas para poder acreditar a situación, máis aló da sentenza firme. Ademais, no ano 2019, e tras o debate xurdido a través do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero no ano 2018, modificouse a lei para, lonxe de acoutar esas formas de acreditación, se ampliaron mediante a incorporación doutros títulos non xudiciais, como o informe dos servizos sociais. Desta forma, inclúese tamén a protección social e acceso a dereitos a mulleres que non chegaron a interpoñer denuncia ou que esta, por motivos de moi diversa índole, non chega a materializarse nunha sentenza condenatoria.

Polo tanto, este Servizo de Igualdade recomendaría a revisión do artigo 3, apartado 1.2, para que a forma de acreditación da situación de violencia de xénero poida adecuarse o máis posible á establecida na lexislación específica na materia.

Vigo, na data da sinatura dixital

Mar Soto García, axente de igualdade de oportunidades

Cristina Gómez García, xefa do Servizo de Igualdade





ORDENANZA N° 23:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DAS ESCOLAS DE PRIMEIRA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL. 2020

ARTIGO 1.- FEITO IMPOÑIBLE

Constituirá o feito imponible destas taxas a prestación do Servizo das escolas de primeira etapa de Educación Infantil.

ARTIGO 2.- SUXEITOS PASIVOS

Serán suxeitos pasivos, obrigados ó pagamento das taxas reguladas na presente Ordenanza os pais, nais, titores, titoras ou representantes legais dos nenos e nenas.

ARTIGO 3.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

1. Estarán exentos das taxas reguladas na presente ordenanza, os nenos e nenas que pertencen a familias con ingresos brutos anuais per capita inferiores a 4.166 €. A titularidade de Bens Inmóveis de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 50.538 €.

Para a determinación dos Ingresos Brutos anuais per cápita teranse en conta as seguintes normas:

1.1 O ingreso bruto anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais da unidade familiar entre o número de integrantes. No caso dun menor de 25 anos cun grao de discapacidade superior ao 65% computarase como se foran dúas persoas. No caso de que o grao de discapacidade estivese entre 33% e 65% computarase como 1,5.

1.2 No caso de que a nai sexa unha persoa vítima de violencia de xénero acreditada mediante sentenza firme, aplicarase aos seus ingresos brutos

ORDENANZA N° 23:

MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DAS ESCOLAS DE PRIMEIRA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL. 2021

(Incorpora recomendación do informe de impacto de xénero do Servizo de Igualdade en relación co artigo 3 apartado 1.2)

ARTIGO 3.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

1. Estarán exentos das taxas reguladas na presente ordenanza, os nenos e nenas que pertencen a unidades familiares con capacidade económica per cápita anual inferior ao igual a 4166€ ou inferior ou igual a 6519€ se se trata de familias numerosas.

Para a determinación da capacidade económica per cápita anual estarase ao disposto no artigo 60 do Decreto 99/2012 de 16 de marzo da Consellería de Traballo e Benestar (na actualidade, Consellería de Política Social) polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Ademais do disposto no parágrafo anterior, a efectos de determinar a capacidade económica per cápita terase en conta o seguinte:

1.1. No caso de persoa con grao de discapacidade igual ou superior ao 65%, computarase como se fosen 2 persoas.

No caso de que o grao de discapacidade estivese entre o 33% e o 65% computarase como 1,5.

1.2 No caso de que a nai sexa unha persoa vítima de



o coeficiente 0,35. Este coeficiente será de aplicación durante os primeiros 5 anos contados dende a data da sentenza.

1.3 No caso de que o/a pai, nai, titor/a sexa un/a titor/a monoparental, único perceptor de ingresos e os fillos non tiveran rematado o ensino obrigatorio, aplicarase aos ingresos brutos o coeficiente 0,55.

Poderá aplicarse este coeficiente no caso de que os fillos percibiran prestacións de carácter público con motivo de discapacidade, invalidez e similares.

1.4 No caso de que o/a pai, nai, titor/a levasen en situación de desemprego mais de 22 meses ininterrompidos, aplicarase aos seus ingresos brutos un coeficiente do 0,35.

Para o disfrute desta exención debera solicitarse expresamente e autorizar ao Concello para que recabe a información sobre os ingresos de todos os integrantes da familia á AEAT e a outras administracións públicas e aportar certificado de discapacidade se é o caso.

2. Terá unha bonificación do 35% no importe das taxas o alumnado de horario reducido de tarde.

3. Estarán exentos do pagamento das taxas reguladas nesta ordenanza os nenos e nenas que pertencen a familias numerosas que contén con ingresos brutos anuais, per capita inferiores a 6.519€.

O ingreso bruto anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais da unidade familiar entre o número de integrantes. No caso dun menor de 25 anos cun grao de discapacidade superior ao 65% computarase como se foran dúas persoas. No caso de que o grao de discapacidade estivese entre 33% e 65% computarase como 1,5.

Para desfrutar desta exención deberán achegarse á solicitud os seguintes documentos:

- Título de familia numerosa vixente a 1 de xaneiro do exercicio en que deba surtir efectos a exención.

- Autorización ao Concello para que recabe a información sobre os ingresos de todos os integrantes da familia da AEAT e outras administracións públicas.

violencia de xénero acreditada mediante sentenza firme, orde de protección ou medida cautelar, informe do Ministerio Fiscal sobre indicios de violencia de xénero, informe dos servizos sociais autonómicos ou locais, así como outras formas de acreditación establecidas na lexislación vixente (LO 1/2004 de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e Lei 11/2007 para a prevención e tratamento da violencia de xénero da Comunidade Autónoma) aplicarase á súa renda o coeficiente 0,35. Este coeficiente será de aplicación durante os primeiros 5 anos contados dende a data da sentenza ou dos demais documentos acreditativos.

1.3 No caso de que o/a pai, nai, titor/a sexa un/a titor/a monoparental, único/a perceptor/a de ingresos e os/as fillos/as non tiveran rematado o ensino obrigatorio, aplicarase a súa renda o coeficiente 0,55. Poderá aplicarse este coeficiente no caso de que os/as fillos/as percibiran prestacións de carácter público con motivo de discapacidade, invalidez e orfandade.

1.4 No caso de que o/a pai, nai, titor/a levasen en situación de desemprego máis de 22 meses ininterrompidos, aplicarase á súa renda un coeficiente do 0,35.

Para o disfrute desta exención deberá solicitarse expresamente e autorizar ao Concello para que recabe a información sobre os ingresos de todos os integrantes da unidade familiar e aportar, no seu caso certificados de discapacidade ou título de familia numerosa.

2. Terá unha bonificación do 35% no importe das taxas o alumnado de horario reducido de tarde.

3. Aplicarase unha bonificación do 100% nas taxas reguladas na presente ordenanza a un segundo fillo ou filla e sucesivos/as da unidade familiar.

4. Agás o disposto no apartado anterior así como en normas con rango de Lei ou Tratados Internacionais, non se admitirán outros beneficios fiscais nas taxas obxecto desta Ordenanza fiscal.



- Certificado de discapacidade se é o caso.

5. Agás o disposto no apartado anterior así como en normas con rango de Lei ou Tratados Internacionais, non se admitirán outros beneficios fiscais nas taxas obxecto desta Ordenanza fiscal.

ARTIGO 4.- COTAS

As cotas tributarias relativas as taxas reguladas nesta Ordenanza determinaranse con arranxo ás seguintes tarifas (as correspondentes á matrícula e mensualidades de tarde que constan neste artigo resultan da aplicación do artigo 3.2 desta ordenanza):

Por cada nena ou neno pertencente a unidade familiar:

con renda per capita mensual ata 347,17€:

matrícula e mensualidade ordinaria	exento
matrícula tarde e mensualidade tarde	exento

entre 347,18 e 400€

matrícula e mensualidade ordinaria	50,85€
matrícula tarde e mensualidade tarde	33,05€

entre 400,01 e 472,00€

matrícula e mensualidade ordinaria	76,25€
matrícula tarde e mensualidade tarde	49,56€

entre 472,01 e 547,00€

matrícula e mensualidade ordinaria	101,70€
matrícula tarde e mensualidade tarde	66,11€

mais de 547,00€

matrícula e mensualidade ordinaria	127,10€
matrícula tarde e mensualidade tarde	82,62€

ARTIGO 4.- COTAS

As cotas tributarias relativas as taxas reguladas nesta Ordenanza determinaranse con arranxo ás seguintes tarifas (as correspondentes mensualidades de tarde que constan neste artigo resultan da aplicación do artigo 3.2 desta ordenanza):

Por cada nena ou neno pertencente á unidade familiar con capacidade económica per cápita mensual ata:

161,34€:	
matrícula e mensualidade ordinaria	exento
matrícula tarde e mensualidade tarde	exento

entre 161,34 e 268,91€

matrícula e mensualidade ordinaria	exento
matrícula tarde e mensualidade tarde	exento

entre 268,92 e 347,17€

matrícula e mensualidade ordinaria	exento
matrícula tarde e mensualidade tarde	exento

entre 347,18 e 403,37€

matrícula e mensualidade ordinaria	50,85€
matrícula tarde e mensualidade tarde	33,05€

entre 403,38 e 472,00€

matrícula e mensualidade ordinaria	76,25€
matrícula tarde e mensualidade tarde	49,56€

entre 472,01 e 537,83€

matrícula e mensualidade ordinaria	101,70€
matrícula tarde e mensualidade tarde	66,11€

entre 537,84 e 547€

matrícula e mensualidade ordinaria	101,70€
matrícula tarde e mensualidade tarde	66,11€



entre 547,01 e 672,29€		
matrícula e mensalidade ordinaria		127,10€
matrícula tarde e mensalidade tarde		82,62€
entre 672,30 e 806,75€		
matrícula e mensalidade ordinaria		127,10€
matrícula tarde e mensalidade tarde		82,62€
entre 806,76 e 1075,68€		
matrícula e mensalidade ordinaria		127,10€
matrícula tarde e mensalidade tarde		82,62€
mais de 1075,68€		
matrícula e mensalidade ordinaria		127,10€
matrícula tarde e mensalidade tarde		82,62€
FAMILIA NUMEROSA, ata 543,25		
matrícula e mensalidade ordinaria		exento
matrícula tarde e mensalidade tarde		exento
FAMILIA NUMEROSA, entre 543,26 e 547,00€		
matrícula e mensalidade ordinaria	101,70€	
matrícula tarde e mensalidade tarde	66,11€	
Segundos/as e sucesivos/as fillos/fillas		
matrícula e mensalidade ordinaria		exento
matrícula tarde e mensalidade tarde		exento

ata 543,25€ (familia numerosa)		
matrícula e mensalidade ordinaria	exento	
matrícula tarde e mensalidade tarde	exento	
entre 543,26 e 547,00€ (familia numerosa)		
matrícula e mensalidade ordinaria	101,70€	
matrícula tarde e mensalidade tarde	66,11€	

ARTIGO 5.- DEVENGO E INGRESO.

1. As taxas reguladas na presente Ordenanza devengarase co inicio da prestación do servizo entendéndose por tal, o momento da matrícula.

2. O período impositivo será mensual.

3. O Importe da matrícula ingresarase no momento da súa formalización mediante o procedemento de autoliquidación.

4. As mensualidades faranse efectivas, mediante domiciliación bancaria.

No suposto de que a domiciliación dunha mensalidade fora devolta por causa imputable ao titular da conta de cargo, iniciarase o período executivo, coas consecuencias legais correspondentes, pola mensalidade non pagada.

A devolución dunha mensalidade non suporá a baixa da domiciliación das vindeiras.

ARTIGO 5.- DEVENGO E INGRESO.



ARTIGO 6.- INFRACCIÓN E SANCIÓN

No relativo as infraccións tributarias desta ordenanza así como a súa cualificación e sancións, estarase ó disposto na Ordenanza Fiscal Xeral, Lei Xeral Tributaria, e restante normativa de aplicación.

DISPOSICIÓN FINAIS

1ª. No non previsto nesta ordenanza será de aplicación a Ordenanza Fiscal Xeral, a Lei 58/2003 Xeral Tributaria, e a restante normativa de aplicación.

2ª. Esta ordenanza comenza a aplicarse o 1 de xaneiro de 2020, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

PUBLICACIÓN B.O.P.:

16 DE NOVIEMBRE DE 1999
27 DE DICIEMBRE DE 2000
30 DE NOVIEMBRE DE 2001
26 DE DICIEMBRE DE 2002
30 DE DICIEMBRE DE 2003
30 DE DICIEMBRE DE 2006
10 DE DICIEMBRE DE 2007
10 DE DICIEMBRE DE 2008
11 DE DICIEMBRE DE 2009
30 DE OCTUBRE DE 2014
12 DE DICIEMBRE DE 2016
12 DE NOVIEMBRE DE 2019

5. A renuncia a unha praza xa adjudicada, sempre que se produza con anterioridade ao comezo do ano dará dereito á devolución do 80% do importe da matrícula.

De producirse a renuncia durante o curso esta deberá producirse antes do día 25 do mes para surtir efectos no mes seguinte. Noutro caso devengarase o mes seguinte completo.

DISPOSICIÓN FINAIS

2ª. Esta modificación de ordenanza entrará en vigor e comenza a aplicarse o día seguinte ao da súa publicación no BOP permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

DIRECCIÓN DE INGRESOS
E
XESTIÓN CATASTRAL DELEGADA

CONCELLERÍA
DE
ORZAMENTOS E FACENDA

CONCELLO DE
VIGO



EXPTE: 2701/500

MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DAS ESCOLAS DE PRIMEIRA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL. (23)

INFORME PROPOSTA.

1. NORMATIVA APLICABLE:

- Constitución española de 27 de decembro de 1978.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante, TRLRFL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (en adiante, LXT).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (en adiante, LPAC).
- Lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e p rezos públicos.
- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- Lei 3/2011, do 30 de xuño, de axuda á familia e á convivencia familiar.
- Lei 7/2019 de 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, que modifica á Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia
- Lei 4/2021 de 28 de xaneiro de medidas fiscais e administrativas que modifica a Lei 13/2008 de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia.

2. ANTECEDENTES DE FEITO.

Primeiro.- Mediante Acordo plenario de data 4 de setembro de 2019 aprobouse a última modificación das tarifas da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación do servizo das escolas de primeira etapa de educación infantil (expediente 2588/500).

Segundo.- Con data 8 de outubro de 2020 a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Adoptar a medida de gratuidade da atención educativa nas escolas infantís municipais de 0-3 anos para os segundos fillos ou fillas da unidade familiar matriculados nunha das escolas infantís municipais: EIM Atalaia-Teis, EIM Sta. Cristina-Lavadores, EIM Costeira-Saiáns, EIM Sta. Marta-Casco Vello, EIM Tomás Alonso, EIM Bouzas, EIM Mestres Goldar-Castrellos e EIM Navia, ou calquera escola infantil que pase a integrarse na Rede de Escolas Infantís Municipais.

Segundo.- Solicitar á Consellería de Política Social acollerse á compensación económica procedente pola gratuidade da atención educativa nas escolas infantís municipais de 0-3 anos para segundos/as fillos/as e sucesivos/as, establecida na Disposición adicional novena da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, modificada polo artigo 23 da Lei 7/2019, de 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Terceiro.- Instar da Concellería de Orzamentos e Facenda a modificación que proceda da ordenanza nº 23, Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación do servizo das escolas de primeira etapa de educación infantil.”

Terceiro.- O Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Orzamentos e Facenda ditou orde de inicio de expediente de modificación en data 10 de novembro de 2020.

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/04/2021 09:16	Páxina 1 de 9
	Expediente 2701/500	CSV: 27EAD2-22E2AF-B9298H-W381QA-SVB91L-EH	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

DIRECCIÓN DE INGRESOS
E
XESTIÓN CATASTRAL DELEGADA

CONCELLERÍA
DE
ORZAMENTOS E FACENDA

CONCELLO DE
VIGO



3. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS.

Os tributos, ademáis de ser medios cos que conseguir os recursos para financiar o gasto público, son tamén un instrumento da política económica aínda que esta finalidade extrafiscal non pode esquecer a propia finalidade recadatoria, é dicir, a de financiar o gasto público.

A presente modificación da Ordenanza destas taxas realízase no contexto doutras medidas de redución da carga tributaria enmarcadas todas elas en políticas municipais dirixidas á protección da familia, a educación, ou o emprego.

A modificación proposta consiste en incluír no artigo 3 da Ordenanza un apartado 4 do seguinte tenor literal *“aplicarase unha bonificación do 100% nas taxas reguladas na presente ordenanza ao segundo fillo ou filla e sucesivos/as da unidade familiar”*

Para unha axeitada asignación dos/das diferentes usuarios/as aos tramos de renda establecidos na correspondente resolución de adxudicación de prazas, inclúense -sen modificación das cotas vixentes - os tramos de renda determinados pola Consellería de Política Social.

Os tramos de renda per capita mensual vixentes definidos pola Consellería de Política Social para a adxudicación de prazas son os seguintes:

Ata 161,34 €
De 161,35 a 268,91€
De 268,92 a 403,37€
De 403,38 a 537,83€
De 537,84 a 672,29€
De 672,30 a 806,75€
De 806,76 a 1075,68€
mais de 1075,68€

Os tramos e subtramos que figuran no artigo 4 da ordenanza permitirán ás dúas Administracións (Xunta e Concello) unha aplicación inequívoca e transparente da compensación prevista no apartado 2 da disposición adicional novena da Lei 13/2008 de 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia na redacción establecida no artigo 23 da Lei 7/2019 de 23 de decembro:

“2., nas escolas infantís de 0-3 anos dependentes das entidades locais que teñan implantado para a atención educativa un sistema de copagamento en contía equivalente á derivada do réxime de prezos establecido pola Xunta de Galicia nas escolas infantís de titularidade autonómica, no caso de que as indicadas entidades optaren voluntariamente polo establecemento e aplicación, a partir da matriculación nelas do segundo fillo ou filla da unidade familiar, estes incluídos, da bonificación do 100 % establecida no número anterior, e así o xustificaren, serán compensadas pola consellaría competente na materia de servizos sociais nesa contía mediante a súa inclusión no sistema de cofinanciamento de servizos sociais. No caso de que as entidades locais tiveran implantado para a atención educativa un sistema de copagamento en contía superior á derivada do réxime de prezos establecido pola Xunta de Galicia para as escolas infantís de titularidade autonómica, o importe da compensación regulada no parágrafo anterior só poderá alcanzar unha contía equivalente á derivada do aludido réxime de prezos, sempre que aquelas xustifiquen a aplicación da bonificación do 100 % da contía dos prezos públicos ou contraprestacións pecuniarias que se encontren en cada momento en vigor, e será a cargo das entidades locais a contía da bonificación no que exceda da cantidade compensada pola Administración autonómica, debendo consignarse nos orzamentos da entidade local as dotacións oportunas”.

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/04/2021 09:16	Páxina 2 de 9
	Expediente 2701/500	CSV: 27EAD2-22E2AF-B9298H-W381QA-SVB91L-EH	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**DIRECCIÓN DE INGRESOS
E
XESTIÓN CATASTRAL DELEGADA**

**CONCELLERÍA
DE
ORZAMENTOS E FACENDA**

**CONCELLO DE
VIGO**



Compre deixar constancia neste punto que as taxas reguladas na presente Ordenanza corresponden aos servizos de “atención educativa” pois, como pode apreciarse no estudo económico que se acompaña, os importes relativos ao “servizo de comedor” (un 15,64% do custe total que ascende a 2.232.440, 79 €) son financiados a cargo doutras partidas do Orzamento municipal. Por outra parte, segundo a estimación de ingresos realizada, as taxas de “atención educativa” só alcanzan a financiar un 11,30% do custe total do servizo, que xunto coa subvención anual da Xunta de Galicia de 110.440 € acadaría a porcentaxe de 16,24.% Finánciase o restante 83,76% con cargo ao Orzamento municipal estando incluídos nesta porcentaxe os importes correspondentes aos servizos de manutención ou comedor.

A regulación das taxas contidas na presente Ordenanza ten o seu marco legal no disposto nos Artigos 20 a 27 do TRLRFL.

4. INFORME SOBRE REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA.

De conformidade co artigo 129.7 da Lei 39/2015, faise constar a continuación a estimación da repercusión orzamentaria na partida correspondente do orzamento de ingresos do Concello.

A bonificación do 100% a segundos e sucesivos fillos e fillas supón unha minoración das ingresos por esta taxa para un curso académico de 64.953 euros coa hipótese da distribución estatística de alumnos e alumnas por tramos de renda similar á do curso 2019-2020 así como coa hipótese de que continuarán sendo un 25 % os alumnos que ocupan o lugar segundo ou sucesivo na unidade familiar.

Por outra parte, a estimación do importe da compensación regulada na disposición adicional novena da Lei 13/2008, de 3 de decembro de Servizos sociais de Galicia que o Concello recibiría ascende a 55.428 euros. Con estas premisas o impacto anual orzamentario estímase en 9.525 euros

5. INNECESARIEDADE DO TRÁMITE PREVISTO NO ARTIGO 133 DA LEI 39/2015.

Segundo o apartado 4 do artigo 133 da Lei 39/2015, *“cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública”* a que se refire o apartado 1 do mesmo artigo.

Segundo informe do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 20.06.17 coincidente co da Dirección Xeral de Tributos de data 10 de xaneiro de 2018: *“o trámite de consulta previa debe substanciarse cando se trata dunha nova ordenanza fiscal, mentres que no caso da modificación dunha ordenanza fiscal aprobada con anterioridade, pode obviarse dito trámite por tratarse dunha regulación parcial da materia”*.

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da LRBRL, artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o TRLRFL e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Segundo informe do TEA do Concello de data 24 de xuño de 2020, *«unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que “de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto”*.

Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/04/2021 09:16	Páxina 3 de 9
	Expediente 2701/500	CSV: 27EAD2-22E2AF-B9298H-W381QA-SVB91L-EH	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**DIRECCIÓN DE INGRESOS
E
XESTIÓN CATASTRAL DELEGADA**

**CONCELLERÍA
DE
ORZAMENTOS E FACENDA**

**CONCELLO DE
VIGO**



sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.

Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudo e debate en Comisión Informativa e no Pleno.

De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.

O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV someterase a estudo e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.

No caso de que as entidades locais tiveran implantado para a atención educativa un sistema de copagamento en contía superior á derivada do réxime de prezos establecido pola Xunta de Galicia para as escolas infantís de titularidade autonómica, o importe da compensación regulada no parágrafo anterior só poderá alcanzar unha contía equivalente á derivada do aludido réxime de prezos, sempre que aquelas xustifiquen a aplicación da bonificación do 100 % da contía dos prezos públicos ou contraprestacións pecuniarias que se encontren en cada momento en vigor, e será a cargo das entidades locais a contía da bonificación no que exceda da cantidade compensada pola Administración autonómica, debendo consignarse nos orzamentos da entidade local as dotacións oportunas”.

Compre deixar constancia neste punto que as taxas reguladas na presente Ordenanza corresponden aos servizos de “atención educativa” pois, como pode apreciarse no estudo económico que se acompaña, os importes relativos ao “servizo de comedor” (un 15,64% do custe total que ascende a 2.232.440, 79 €) son financiados a cargo doutras partidas do Orzamento municipal. Por outra parte, segundo a estimación de ingresos realizada, as taxas de “atención educativa” só alcanzan a financiar un 11,30% do custe total do servizo, que xunto coa subvención anual da Xunta de Galicia de 110.440 € acadaría a porcentaxe de 16,24.% Finánciase o restante 83,76% con cargo ao Orzamento municipal estando incluídos nesta porcentaxe os importes correspondentes aos servizos de manutención ou comedor.

A regulación das taxas contidas na presente Ordenanza ten o seu marco legal no disposto nos Artigos 20 a 27 do TRLRFL.

4. INFORME SOBRE REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA.

De conformidade co artigo 129.7 da Lei 39/2015, faise constar a continuación a estimación da repercusión orzamentaria na partida correspondente do orzamento de ingresos do Concello.

A bonificación do 100% a segundos e sucesivos fillos e fillas supón unha minoración das ingresos por esta taxa para un curso académico de 64.953 euros coa hipótese da distribución estatística de alumnos e alumnas por tramos de renda similar á do curso 2019-2020 así como coa hipótese de que continuarán sendo un 25 % os alumnos que ocupan o lugar segundo ou sucesivo na unidade familiar.

Por outra parte, a estimación do importe da compensación regulada na disposición adicional novena da Lei 13/2008, de 3 de decembro de Servizos sociais de Galicia que o Concello recibiría ascende a 55.428 euros. Con estas premisas o impacto anual orzamentario estímase en 9.525 euros



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 22/04/2021 09:16

Páxina 3 de 11

Expediente 2701/500

CSV: 24E9DB-21EAAE-BB3426-NX89XU-JSPCUZ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

5. INNECESARIEDADE DO TRÁMITE PREVISTO NO ARTIGO 133 DA LEI 39/2015.

Segundo o apartado 4 do artigo 133 da Lei 39/2015, “cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública” a que se refire o apartado 1 do mesmo artigo.

Segundo informe do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 20.06.17 coincidente co da Dirección Xeral de Tributos de data 10 de xaneiro de 2018: “o trámite de consulta previa debe substanciarse cando se trata dunha nova ordenanza fiscal, mentres que no caso da modificación dunha ordenanza fiscal aprobada con anterioridade, pode obviarse dito trámite por tratarse dunha regulación parcial da materia”.

Tramitación da modificación.


O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da LRBRL, artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o TRLRFL e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Segundo informe do TEA do Concello de data 24 de xuño de 2020, «unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que “de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto”.

Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.

Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudo e debate en Comisión Informativa e no Pleno.

De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/04/2021 09:16	Páxina 4 de 11
	Expediente 2701/500	CSV: 24E9DB-21EAAE-BB3426-NX89XU-JSPCUZ-EH	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV somete-rase a estudio e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.

Producida dita aprobación provisional, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que, por quen teña a condición de interesado, poida ser plantexada a oportuna reclamación.

De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderase apro-bado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.

No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación provisional, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modifícase este, o texto da Ordenanza será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame».

Á vista do anterior, esta Dirección de Ingresos propón á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o seguinte Proxecto de Modificación da Ordenanza Fiscal:

“MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DAS ESCOLAS DE PRIMEIRA ETAPA DE EDUCA-CIÓN INFANTIL (23).

ARTIGO 3.- EXENCIONS E BONIFICACIONES.

1. Estarán exentos das taxas reguladas na presente ordenanza, os nenos e nenas que pertencan a unidades familiares con capacidade económica per cápita anual inferior ao igual a 4166€ ou inferior ou igual a 6519€ se se trata de familias numerosas.

Para a determinación da capacidade económica per cápita anual estarase ao disposto no artigo 60 do Decreto 99/2012 de 16 de marzo da Consellería de Traballo e Benestar (na actualidade, Consellería de Política Social) polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Ademais do disposto no paragrafo anterior, a efectos de determinar a capacidade económica per cápita terase en conta o seguinte:

1.1. No caso de persoa con grado de discapacidade igual ou superior ao 65%, computarase como se fosen 2 persoas.

No caso de que o grado de discapacidade estivese entre o 33% e o 65% computarase como 1,5.

1.2 No caso de que a nai sexa unha persoa vítima de violencia de xénero acreditada mediante sentenza firme, orde de protección ou medida cautelar, informe do Ministerio Fiscal sobre indicios de violencia de xénero, informe dos servizos sociais autonómicos ou locais, así como outras formas de acreditación establecidas na lexislación vixente (LO 1/2004 de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e Lei



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 22/04/2021 09:16

Páxina 5 de 11

Expediente 2701/500

CSV: 24E9DB-21EAAE-BB3426-NX89XU-JSPCUZ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

11/2007 para a prevención e tratamento da violencia de xénero da Comunidade Autónoma) aplicarase á súa renda o coeficiente 0,35. Este coeficiente será de aplicación durante os primeiros 5 anos contados desde a data da sentenza ou dos demais documentos acreditativos.

1.3 No caso de que o/a pai, nai, titor/a sexa un/a titor/a monoparental, único/a perceptor/a de ingresos e os/as fillos/as non tiveran rematado o ensino obrigatorio, aplicarase a súa renda o coeficiente 0,55. Poderá aplicarse este coeficiente no caso de que os/as fillos/as percibiran prestacións de carácter público con motivo de discapacidade, invalidez e orfandade.

1.4 No caso de que o/a pai, nai, titor/a levasen en situación de desemprego máis de 22 meses ininterrompidos, aplicarase á súa renda un coeficiente do 0,35.

Para o desfrute desta exención deberá solicitarse expresamente e autorizar ao Concello para que recabe a información sobre os ingresos de todos os integrantes da unidade familiar e aportar, no seu caso certificados de discapacidade ou título de familia numerosa.

2. Terá unha bonificación do 35% no importe das taxas o alumnado de horario reducido de tarde.

3. Aplicarase unha bonificación do 100% nas taxas reguladas na presente ordenanza a un segundo fillo ou filla e sucesivos/as da unidade familiar.

4. Agás o disposto no apartado anterior así como en normas con rango de Lei ou Tratados Internacionais, non se admitirán outros beneficios fiscais nas taxas obxecto desta Ordenanza fiscal.

ARTIGO 4.- COTAS.

As cotas tributarias relativas as taxas reguladas nesta Ordenanza determinaranse con arranxo ás seguintes tarifas (as correspondentes mensualidades de tarde que constan neste artigo resultan da aplicación do artigo 3.2 desta ordenanza):

Por cada nena ou neno pertencente á unidade familiar con capacidade económica per cápita mensual ata:

161,34€:

matrícula e mensualidade ordinaria	exento
matrícula tarde e mensualidade tarde	exento

entre 161,34 e 268,91€

matrícula e mensualidade ordinaria	exento
matrícula tarde e mensualidade tarde	exento

entre 268,92 e 347,17€

matrícula e mensualidade ordinaria	exento
matrícula tarde e mensualidade tarde	exento

entre 347,18 e 403,37€

matrícula e mensualidade ordinaria	50,85€
matrícula tarde e mensualidade tarde	33,05€

entre 403,38 e 472,00€

matrícula e mensualidade ordinaria	76,25€
------------------------------------	--------



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 22/04/2021 09:16

Páxina 6 de 11

Expediente 2701/500

CSV: 24E9DB-21EAAE-BB3426-NX89XU-JSPCUZ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



matrícula tarde e mensualidade tarde	49,56€
entre 472,01 e 537,83€	
matrícula e mensualidade ordinaria	101,70€
matrícula tarde e mensualidade tarde	66,11€
entre 537,84 e 547€	
matrícula e mensualidade ordinaria	101,70€
matrícula tarde e mensualidade tarde	66,11€
entre 547,01 e 672,29€	
matrícula e mensualidade ordinaria	127,10€
matrícula tarde e mensualidade tarde	82,62€
entre 672,30 e 806,75€	
matrícula e mensualidade ordinaria	127,10€
matrícula tarde e mensualidade tarde	82,62€
entre 806,76 e 1075,68€	
matrícula e mensualidade ordinaria	127,10€
matrícula tarde e mensualidade tarde	82,62€
mais de 1075,68€	
matrícula e mensualidade ordinaria	127,10€
matrícula tarde e mensualidade tarde	82,62€
FAMILIA NUMEROSA, ata 543,25	
matrícula e mensualidade ordinaria	exento
matrícula tarde e mensualidade tarde	exento
FAMILIA NUMEROSA, entre 543,26 e 547,00€	
matrícula e mensualidade ordinaria	101,70€
matrícula tarde e mensualidade tarde	66,11€
Segundos/as e sucesivos/as fillos/fillas	
matrícula e mensualidade ordinaria	exento
matrícula tarde e mensualidade tarde	exento

ARTIGO 5.- DEVENGO E INGRESO.

5. A renuncia a unha praza xa adjudicada, sempre que se produza con anterioridade ao comenzo do ano dará dereito á devolución do 80% do importe da matrícula.
De producirse a renuncia durante o curso esta deberá producirse antes do día 25 do mes para surtir efectos no mes seguinte. Noutro caso devengarase o mes seguinte completo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/04/2021 09:16	Páxina 7 de 11
Expediente 2701/500	CSV: 24E9DB-21EAAE-BB3426-NX89XU-JSPCUZ-EH	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

DISPOSICIÓN FINAIS

2ª. Esta modificación de ordenanza entrará en vigor e comenzará a aplicarse o día seguinte ao da súa publicación no BOP permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

SEGUNDO.- Proponer ao Pleno, previos Ditames do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo e da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda a adopción do seguinte ACORDO:

1º) Aprobar provisionalmente a “MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DAS ESCOLAS DE PRIMEIRA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL (23).

ARTIGO 3.- EXENCIONES E BONIFICACIONES.

1. Estarán exentos das taxas reguladas na presente ordenanza, os nenos e nenas que pertencen a unidades familiares con capacidade económica per cápita anual inferior ao igual a 4166€ ou inferior ou igual a 6519€ se se trata de familias numerosas.

Para a determinación da capacidade económica per cápita anual estarase ao disposto no artigo 60 do Decreto 99/2012 de 16 de marzo da Consellería de Traballo e Benestar (na actualidade, Consellería de Política Social) polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Ademais do disposto no paragrafo anterior, a efectos de determinar a capacidade económica per cápita terase en conta o seguinte:

1.1. No caso de persoa con grado de discapacidade igual ou superior ao 65%, computarase como se fosen 2 persoas.

No caso de que o grado de discapacidade estivese entre o 33% e o 65% computarase como 1,5.

1.2 No caso de que a nai sexa unha persoa vítima de violencia de xénero acreditada mediante sentenza firme, orde de protección ou medida cautelar, informe do Ministerio Fiscal sobre indicios de violencia de xénero, informe dos servizos sociais autonómicos ou locais, así como outras formas de acreditación establecidas na lexislación vixente (LO 1/2004 de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e Lei 11/2007 para a prevención e tratamento da violencia de xénero da Comunidade Autónoma) aplicarase á súa renda o coeficiente 0,35. Este coeficiente será de aplicación durante os primeiros 5 anos contados dende a data da sentenza ou dos demais documentos acreditativos.

1.3 No caso de que o/a pai, nai, titor/a sexa un/a titor/a monoparental, único/a perceptor/a de ingresos e os/as fillos/as non tiveran rematado o ensino obrigatorio, aplicarase a súa renda o coeficiente 0,55. Poderá aplicarse este coeficiente no caso de que os/as fillos/as percibiran prestacións de carácter público con motivo de discapacidade, invalidez e orfandade.

1.4 No caso de que o/a pai, nai, titor/a levasen en situación de desemprego máis de 22 meses ininterrompidos, aplicarase á súa renda un coeficiente do 0,35.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 22/04/2021 09:16

Páxina 8 de 11

Expediente 2701/500

CSV: 24E9DB-21EAAE-BB3426-NX89XU-JSPCUZ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Para o desfrute desta exención deberá solicitarse expresamente e autorizar ao Concello para que recabe a información sobre os ingresos de todos os integrantes da unidade familiar e aportar, no seu caso certificados de discapacidade ou título de familia numerosa.

2. Terá unha bonificación do 35% no importe das taxas o alumnado de horario reducido de tarde.
3. Aplicarase unha bonificación do 100% nas taxas reguladas na presente ordenanza a un segundo fillo ou filla e sucesivos/as da unidade familiar.
4. Agás o disposto no apartado anterior así como en normas con rango de Lei ou Tratados Internacionais, non se admitirán outros beneficios fiscais nas taxas obxecto desta Ordenanza fiscal.

ARTIGO 4.- COTAS.

As cotas tributarias relativas as taxas reguladas nesta Ordenanza determinaranse con arranxo ás seguintes tarifas (as correspondentes mensualidades de tarde que constan neste artigo resultan da aplicación do artigo 3.2 desta ordenanza):

Por cada nena ou neno pertencente á unidade familiar con capacidade económica per cápita mensual ata:

161,34€:

matrícula e mensualidade ordinaria exento
matrícula tarde e mensualidade tarde exento

entre 161,34 e 268,91€

matrícula e mensualidade ordinaria exento
matrícula tarde e mensualidade tarde exento

entre 268,92 e 347,17€

matrícula e mensualidade ordinaria exento
matrícula tarde e mensualidade tarde exento

entre 347,18 e 403,37€

matrícula e mensualidade ordinaria 50,85€
matrícula tarde e mensualidade tarde 33,05€

entre 403,38 e 472,00€

matrícula e mensualidade ordinaria 76,25€
matrícula tarde e mensualidade tarde 49,56€

entre 472,01 e 537,83€

matrícula e mensualidade ordinaria 101,70€
matrícula tarde e mensualidade tarde 66,11€

entre 537,84 e 547€

matrícula e mensualidade ordinaria 101,70€
matrícula tarde e mensualidade tarde 66,11€



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 22/04/2021 09:16

Páxina 9 de 11

Expediente 2701/500

CSV: 24E9DB-21EAAE-BB3426-NX89XU-JSPCUZ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

entre 547,01 e 672,29€
matrícula e mensalidade ordinaria 127,10€
matrícula tarde e mensalidade tarde 82,62€

entre 672,30 e 806,75€
matrícula e mensalidade ordinaria 127,10€
matrícula tarde e mensalidade tarde 82,62€

entre 806,76 e 1075,68€
matrícula e mensalidade ordinaria 127,10€
matrícula tarde e mensalidade tarde 82,62€

mais de 1075,68€
matrícula e mensalidade ordinaria 127,10€
matrícula tarde e mensalidade tarde 82,62€

FAMILIA NUMEROSA, ata 543,25
matrícula e mensalidade ordinaria exento
matrícula tarde e mensalidade tarde exento

FAMILIA NUMEROSA, entre 543,26 e 547,00€
matrícula e mensalidade ordinaria 101,70€
matrícula tarde e mensalidade tarde 66,11€

Segundos/as e sucesivos/as fillos/fillas
matrícula e mensalidade ordinaria exento
matrícula tarde e mensalidade tarde exento

ARTIGO 5.- DEVENGO E INGRESO.

5. A renuncia a unha praza xa adxudicada, sempre que se produza con anterioridade ao comenzo do ano dará dereito á devolución do 80% do importe da matrícula.
De producirse a renuncia durante o curso esta deberá producirse antes do día 25 do mes para surtir efectos no mes seguinte. Noutro caso devengarase o mes seguinte completo.

DISPOSICIÓNS FINAIS

2ª. Esta modificación de ordenanza entrará en vigor e comezará a aplicarse o día seguinte ao da súa publicación no BOP permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas..

2º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 2701/500

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 22/04/2021 09:16

Páxina 10 de 11

CSV: 24E9DB-21EAAE-BB3426-NX89XU-JSPCUZ-EH



Facúltase á Concellería de Orzamentos e Facenda para a aprobación do correspondente texto refundido.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

CCA/me.

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 22/04/2021 09:16

Páxina 11 de 11

Expediente 2701/500

CSV: 24E9DB-21EAAE-BB3426-NX89XU-JSPCUZ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
TRIB. EC-ADM

Extracto da acta da Sesión Extraordinaria e urxente número 2021/05 do día once de febreiro de dous mil viiñteúñ

ASISTENTES

Presidente : Albino Rodríguez Ferreira
Vocal : Miguel A. Pola Tombo
Secretaria : María José Loureiro Bada

ASUNTO

2.- TIPO: Dictame

EXPEDIENTE: 5294/550 (210018406) REF: I5279 E5474 P4791

SOLICITANTE/INTERESADO: DIRECCIÓN DE INGRESOS

ASUNTO: MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DAS ESCOLAS DE PRIMEIRA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL. (23)

Examinada PROPOSTA PARA DICTAME incorporada ó expediente có seguinte literal

Remítese a este órgano acordo da Xunta de Goberno Local de aprobación do Proxecto de modificación da referida ordenanza fiscal, xunta con expediente, onde se incorpora a totalidade da documentación preceptiva para a tramitación do mesmo (concretamente, informe-proposta do servizo xestor xunta có preceptivo estudo económico-financeiro e informe do órgano fiscalizador sobre cumprimento de restricións orzamentarias).

En atención ó establecido na normativa que se indicará, este Tribunal ten a honra de informar o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE E COMPETENCIA:

A modificación das Ordenanzas Fiscaís ven regulada, nos aspectos que aquí nos interesan, nas seguintes normas:

- Lei 7/1985, de 7 de abril, Reguladora das bases de réxime local (LRBRL)

- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais(LFL).

- Regulamento Orgánico do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo aprobado polo acordo do Pleno do Concello de Vigo na súa sesión do 14 de xuño de 2.004 (ROTEACV).

A modificación das Ordenanzas fiscaís é competencia exclusiva e non delegable do Pleno, pois se efectúa no exercicio da atribución regulada no artigo 123.1.g ("La determinación de los recursos propios de carácter tributario") e a súa tramitación non sigue as normas xerais de modificacións de Ordenanzas e Regulamentos que veñen establecidas pola propia LRBRL, sinón as específicas establecidas polo TRLFL.

Nesta regulación sectorial, e e concreto no artigo 17 LFL, se prevé un específico trámite de información pública para que, antes da aprobación definitiva, os interesados que cita a propia Lei poidan "presentar reclamaciones" concepto éste máis concreto e restrictivo que o de "alegaciones y observaciones" do procedemento xeral.

O Pleno debe ratificar ou non o Proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local, que inclúe a proposta de modificación

SOBRE A MODIFICACIÓN PROPOSTA

Tal e coma consta en Informe Previo emitido pola Sala do TEACV e incorporado ó expediente:

" (...)TERCEIRO.- Canto ó contido propio da proposta agora sometida a informe, establece en primeiro lugar a gratuidade do segundo e sucesivos descendentes, dando cumprimento ó Acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de outubro de 2020, que reproduce; e por outra banda, actualiza e axusta as contías dos tramos de renda, a fin de darlles coincidencia cós da administración autonómica

A proposta remitida incorpora o preceptivo estudo económico que da conbertura ás medidas que propón, e tal e coma indica expresamente:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 22/04/2021 09:16

Páxina 1 de 2

Expediente 2701/500

CSV: 2FE1D3-2CECAH-BE3F4C-WFKYS1-U4J6AE-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
TRIB. EC-ADM

"Compre deixar constancia neste punto que as taxas reguladas na presente Ordenanza corresponden aos servizos de "atención educativa" pois, como pode apreciarse no estudo económico que se acompaña, os importes relativos ao "servizo de comedor" (un 15,64% do custe total que ascende a 2.232.440, 79 €) son financiados a cargo doutras partidas do Orzamento municipal. Por outra parte, segundo a estimación de ingresos realizada, as taxas de "atención educativa" só alcanzan a financiar un 11,30% do custe total do servizo, que xunto coa subvención anual da Xunta de Galicia de 110.440 € acadaría a porcentaxe de 16,24.% Finánciase o restante 83,76% con cargo ao Orzamento municipal estando incluídos nesta porcentaxe os importes correspondentes aos servizos de manutención ou comedor."

Constátase, pois, que non existe obxección legal algunha ós textos cuxa modificación se pretende. Por elo, e sen prexuízo do ditame á proposta, unha vez aprobada, no seu caso, pola Xunta de Goberno Local (e convertidas despois da dita aprobación en Proxectos), non existe obxección algunha por parte de este Órgano, quen garante o Ditame favorable do texto na redacción remitida"

Así as cousas, e non téndose producido variacións na redacción, os argumentos do informe previo do TEA incorporado ó expediente, e ó que nos remitimos ó efecto de evitar innecesarias reiteracións, son directamente aplicables ó Proxecto aprobado. Estímase, pois, procedente emitir ditame favorable ó dito Proxecto

TRAMITACIÓN

Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudo e debate en Comisión Informativa e no Pleno.

De producirse trasaccións políticas na fase de Propostas de enmendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.

O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV se someterá a estudio e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.

Producida, no seu caso, dita aprobación inicial, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que por quen teña a condición de interesado poida ser plantexada a oportuna reclamación.

De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderáse aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.

Sometido a votación e acordo, a Sala do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo, no exercicio das súas competencias

ACORDA

Prestar conformidade á proposta e, en consecuencia, dictaminar favorablemente a proposta de modificación da Ordenanza subliñada

Vigo, a once de febreiro de dous mil vinte e un

(Asinado dixitalmente á marxe por Secretaria do TACV, có Visto e Prace de Presidente do TEACV)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/04/2021 09:16	Páxina 2 de 2
Expediente 2701/500	CSV: 2FE1D3-2CECAH-BE3F4C-WFKYS1-U4J6AE-EH	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



EXPTE.:2701/500

Sr. Secretario Xeral do Pleno

DILIXENCIA

Achegamos proxecto de Modificación da “ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZO DAS ESCOLAS DE PRIMEIRA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL”, aprobado en sesión da Xunta de Goberno Local de 11 de febreiro de 2021, **para o trámite de posta de manifesto do expediente segundo o artigo nº 76 do Regulamento Orgánico do Pleno.**

- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZO DAS ESCOLAS DE PRIMEIRA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL (23) 2701/500.

Vigo, na data da sinatura dixital
Asina, O Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda.





Concello de Vigo

DILIXENCIA:

Fago constar, eu Secretario, que remitido, en data 11.02.21 ao Rexistro de Pleno o seguinte expediente:

- Ordenanza reguladora das taxas pola prestación do servizo das escolas de primeira etapa de educación infantil. Expte. 2701/500

trala aprobación do proxecto das ordenanzas pola Xunta de Goberno local en sesión de data 11.02.2021, procede, conforme o disposto no artigo 76.4 do Regulamento Orgánico do Pleno comunicar aos voceiros dos grupos municipais e ao concelleiro non adscrito a apertura dun prazo de seis días ao obxecto de que presentar as emendas que, no seu caso, consideren oportunas. Dito prazo remata o día 19 de febreiro ás 14,00 horas.

Vigo na data da sinatura dixital.

O Secretario Xeral do Pleno, José Riesgo Boluda.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 22/04/2021 09:16

Páxina 1 de 1

Expediente 2701/500

CSV: 21EADE-24EBAA-B63BCD-N24TGC-L9MNMB-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Xabier Pérez Igrexas, concelleiro do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do establecido no Regulamento Orgánico do Pleno e da restante normativa de aplicación, formula dentro do prazo establecido as seguintes

EMENDAS PARCIAIS

á proposta de **modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación do servizo das escolas de primeira etapa de educación infantil 2021 (of. 23)**, expediente 2701/500:

EMENDA 01:

Artigo 3, punto 1.3, da modificación proposta.

Substituír o punto 1.3 polo seguinte:

“1.3 No caso de que o/a pai, nai titor/a sexa un titor/a monoparental aplicárase á súa renda o coeficiente do 0,5. Aplicárase tamén no caso de que os/as fillos/as percibirán prestacións de carácter público con motivo de discapacidade, invalidez e orfandade.”

EMENDA 02:

Artigo 3, punto 1.4, da modificación proposta.

Substituír o texto do punto 1.4 polo seguinte:

“1.4 No caso de que o/a pai, nai, titor/a levase en situación de desemprego máis de 12 meses ininterrompidos, ou un total de 16 meses nos últimos 24, aplicárase a súa renda un coeficiente do 0,35.”

EMENDA 03:

Artigo 4

Substitución do texto do artigo na modificación proposta polo seguinte:

As cotas tributarias relativas as taxas reguladas nesta Ordenanza determinaranse con arranxo ás seguintes tarifas (as correspondentes mensualidades de tarde que constan neste artigo resultan da aplicación do artigo 3.2 desta ordenanza):

Por cada nena ou neno pertencente á unidade familiar con capacidade económica per cápita mensual ata: 550,00€	matrícula e mensualidade ordinaria exento matrícula tarde e mensualidade tarde exento
Entre 550,01€ e 700,00€	matrícula e mensualidade ordinaria 50,85€ matrícula tarde e mensualidade tarde 33,05€
Entre 700,01€ e 850,00€	matrícula e mensualidade ordinaria 76,25€ matrícula tarde e mensualidade tarde 49,56€
Entre 850,01€ e 1.000,00€	matrícula e mensualidade ordinaria 101,70€ matrícula tarde e mensualidade tarde 66,11€
Entre 1.000,01€ e 1.150,00€	matrícula e mensualidade ordinaria 127,10€ matrícula tarde e mensualidade tarde 82,62€
Entre 1.150,01€ e 1.300,00€	matrícula e mensualidade ordinaria 152,55€ matrícula tarde e mensualidade tarde 99,15€
Máis de 1.150,01€	matrícula e mensualidade ordinaria 178,15€ matrícula tarde e mensualidade tarde 115,80€
Familia numerosa ata 600,00€	matrícula e mensualidade ordinaria exento matrícula tarde e mensualidade tarde exento.
Familia numerosa máis de 600,01€	matrícula e mensualidade ordinaria 50,85€ matrícula tarde e mensualidade tarde 33,05€
Segundos/as e sucesivos/as fillos/as	matrícula e mensualidade ordinaria exento matrícula tarde e mensualidade tarde exento

EMENDA 04:

Artigo 5.

Engádego de dous novos puntos no artigo:

“6. O importe da mensualidade ordinaria poderá modificarse durante o curso escolar, mediante solicitude ao efecto, de concorrer algunhas das circunstancias previstas no artigo 3 ou de verse minorada a capacidade económica per cápita mensual da unidade familiar inicialmente fixada.

7. A emisión dun informe de situación de vulnerabilidade polo servizo social municipal suporá a inmediata exención das taxas recollidas no artigo 4 durante o tempo que se manteña esa situación e até que remate o curso escolar.”

En Vigo a 17 de febreiro de 2021.

Asdo.:

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE,
EXCMO. CONCELLO DE VIGO**



GRUPO MUNICIPAL MIXTO
Concello de Vigo

Excmo. Sr D. Abel Caballero Álvarez
Alcalde-Presidente do Concello de Vigo

Rubén Pérez Correa, voceiro do Grupo Municipal Mixto (Marea de Vigo), presenta as seguintes

EMENDAS Á ORDENANZA FISCAL REGULADORA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DAS ESCOLAS DE PRIMEIRA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL.

ARTIGO 3. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

Engadir: Estarán exentas aquelas unidades familiares perceptoras do Ingreso Mínimo Vital, RISGA ou PCN, previa acreditación da unidade familiar e dos ingresos da mesma.

ARTIGO 4. COTAS

Propoñemos o seguinte novo baremo excepcional para o ano 2021 ante a situación económica que están a provocar na cidade as consecuencias da pandemia da COVID-19. Entendemos esta situación como excepcional e posible mesmo porque os ingresos actuais e mesmo os propostos tampouco cubren a totalidade do gasto (coa nova tarifa apenas o 11%). É dicir consideramos necesario aumentar esa subvención pública no 2021. **Propoñemos:**

- **Establécese para o 2021 e en base a excepcionalidade da situación económica derivada da crise sanitaria da COVID-19 unha exención xeral para cada neno ou nena pertencente a unidade familiar con renda per cápita mensual ate 500 euros.**
- Entre 500 e 546€, matrícula e mensualidade ordinaria 101,70€ e matrícula e mensualidade tarde 66,11 €.



- entre 547,01 e 672,29€, matrícula e mensalidade ordinaria 127,10€ e matrícula e mensalidade tarde 82,62€.
- Entre 672,30 e 806,75€, matrícula e mensalidade ordinaria 127,10€ e matrícula e mensalidade tarde 82,62€.
- Entre 806,76 e 1075,68€, matrícula e mensalidade ordinaria 127,10€ e matrícula e mensalidade tarde 82,62€.
- mais de 1075,68€, matrícula e mensalidade ordinaria 127,10€ e matrícula e mensalidade tarde 82,62€.

En Vigo, a 19 de febreiro do 2021

Asinado:

Rubén Pérez Correa

Voceiro do Grupo Municipal Mixto



Destinatario: Sr. Presidente da Comisión de Orzamentos e Facenda

Asunto: Informe Técnico ás emendas presentadas polo BNG ao Proxecto de Modificación de Ordenanza Fiscal Xeral reguladora das Taxas pola prestación do servizo de Escolas de Primeira Etapa de Educación Infantil.

Vistas as emendas formuladas polo BNG (documento 2819/1001) de data 19.02.2021 ao Proxecto de Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas pola prestación do servizo de Escolas de Primeira Etapa de Educación Infantil, aprobado en sesión da Xunta de Goberno Local de data 11.02.2021, esta Dirección de Ingresos procede a informar o seguinte:

As emendas formuladas ao artigo 3, exencións e bonificacións así como as formuladas ao artigo 4. Cotas, gardan relación co preceptuado no artigo 24.4. do Texto Refundido da Lei reguladoras das Facendas Locais *"Para a determinación da contía das taxas poderán terse en conta criterios xenéricos, de capacidade económica dos suxeitos obrigados a satisfacerlas"*

A aplicación deste artigo o principio tense desenvolvido, segundo as directrices do Goberno Local nos artigos 3 e 4 da Ordenanza ao seren facultades potestativas do Concello. Por este mesmo motivo exceden o contido deste informe de carácter técnico.

Vigo, marzo de 2021

A Directora de Ingresos (Asina dixitalmente)

Conforme

O Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda (Asina dixitalmente)





Destinatario: Sr. Presidente da Comisión de Orzamentos e Facenda

Asunto: Informe Técnico ás emendas presentadas polo Grupo Municipal Mixto - Marea de Vigo ao Proxecto de Modificación de Ordenanza Fiscal Xeral reguladora das Taxas pola prestación do servizo de Escolas de Primeira Etapa de Educación Infantil.

Vistas as emendas formuladas polo Grupo Municipal Mixto - Marea de Vigo (documento 2821/1001) de data 19.02.2021 ao Proxecto de Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas pola prestación do servizo de Escolas de Primeira Etapa de Educación Infantil, aprobado en sesión da Xunta de Goberno Local de data 11.02.2021, esta Dirección de Ingresos procede a informar o seguinte:

As emendas formuladas ao artigo 3, exencións e bonificacións así como as formuladas ao artigo 4. Cotas, gardan relación co preceptuado no artigo 24.4. do Texto Refundido da Lei reguladoras das Facendas Locais *"Para a determinación da contía das taxas poderán terse en conta criterios xenéricos, de capacidade económica dos suxeitos obrigados a satisfacelas"*

A aplicación deste artigo o principio tense desenvolvido, segundo as directrices do Goberno Local nos artigos 3 e 4 da Ordenanza ao seren facultades potestativas do Concello. Por este mesmo motivo exceden o contido deste informe de carácter técnico.

Vigo, marzo de 2021

A Directora de Ingresos (Asina dixitalmente)

Conforme

O Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda (Asina dixitalmente)





Concello de Vigo

JOSÉ RIESGO BOLUDA, SECRETARIO DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORZAMENTOS E FACENDA,

CERTIFICO: Que a Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 24 de marzo de 2021, ditaminou a seguinte proposta:

5.- DITAME SOBRE A APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DAS ESCOLAS DE PRIMEIRA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL. EXPTE. 2701/500. (REXISTRO PLENO 2846/1101)

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, emite voto ponderado de conformidade co acordo adoptado polo Pleno en sesión do 1.07.19, e por sete votos a favor (Grupo Municipal Socialista e Grupo Municipal Popular), dous en contra (Membro non Adscrito e Grupo Municipal Mixto), ditamina favorablemente a seguinte proposta:

1º) Aprobar provisionalmente a “MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DAS ESCOLAS DE PRIMEIRA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL (23).

ARTIGO 3.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS.

1. Estarán exentos das taxas reguladas na presente ordenanza, os nenos e nenas que pertencen a unidades familiares con capacidade económica per cápita anual inferior ao igual a 4166€ ou inferior ou igual a 6519€ se se trata de familias numerosas.

Para a determinación da capacidade económica per cápita anual estarase ao disposto no artigo 60 do Decreto 99/2012 de 16 de marzo da Consellería de Traballo e Benestar (na actualidade, Consellería de Política Social) polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Ademais do disposto no paragrafo anterior, a efectos de determinar a capacidade económica per cápita terase en conta o seguinte:

1.1. No caso de persoa con grado de discapacidade igual ou superior ao 65%, computarase como se fosen 2 persoas.

No caso de que o grado de discapacidade estivese entre o 33% e o 65% computarase como 1,5.

1.2 No caso de que a nai sexa unha persoa vítima de violencia de xénero



acreditada mediante sentenza firme, orde de protección ou medida cautelar, informe do Ministerio Fiscal sobre indicios de violencia de xénero, informe dos servizos sociais autonómicos ou locais, así como outras formas de acreditación establecidas na lexislación vixente (LO 1/2004 de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e Lei 11/2007 para a prevención e tratamento da violencia de xénero da Comunidade Autónoma) aplicarase á súa renda o coeficiente 0,35. Este coeficiente será de aplicación durante os primeiros 5 anos contados dende a data da sentenza ou dos demais documentos acreditativos.

1.3 No caso de que o/a pai, nai, titor/a sexa un/a titor/a monoparental, único/a perceptor/a de ingresos e os/as fillos/as non tiveran rematado o ensino obrigatorio, aplicarase a súa renda o coeficiente 0,55.

Poderá aplicarse este coeficiente no caso de que os/as fillos/as percibiran prestacións de carácter público con motivo de discapacidade, invalidez e orfandade.

1.4 No caso de que o/a pai, nai, titor/a levasen en situación de desemprego máis de 22 meses ininterrompidos, aplicarase á súa renda un coeficiente do 0,35.

Para o desfrute desta exención deberá solicitarse expresamente e autorizar ao Concello para que recabe a información sobre os ingresos de todos os integrantes da unidade familiar e aportar, no seu caso certificados de discapacidade ou título de familia numerosa.

2. Terá unha bonificación do 35% no importe das taxas o alumnado de horario reducido de tarde.

3. Aplicarase unha bonificación do 100% nas taxas reguladas na presente ordenanza a un segundo fillo ou filla e sucesivos/as da unidade familiar.

4. Agás o disposto no apartado anterior así como en normas con rango de Lei ou Tratados Internacionais, non se admitirán outros beneficios fiscais nas taxas obxecto desta Ordenanza fiscal.

ARTIGO 4.- COTAS.

As cotas tributarias relativas as taxas reguladas nesta Ordenanza determinaranse con arranxo ás seguintes tarifas (as correspondentes mensualidades de tarde que constan neste artigo resultan da aplicación do artigo 3.2 desta ordenanza):

Por cada nena ou neno pertencente á unidade familiar con capacidade económica per cápita mensual ata:

161,34€:

matrícula e mensualidade ordinaria exento
matrícula tarde e mensualidade tarde exento

entre 161,34 e 268,91€

matrícula e mensualidade ordinaria exento
matrícula tarde e mensualidade tarde exento

entre 268,92 e 347,17€

matrícula e mensualidade ordinaria exento
matrícula tarde e mensualidade tarde exento



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 22/04/2021 09:17

Páxina 2 de 4

Expediente 2701/500

CSV: 2CE5D3-2FE4AA-BA46AA-TF7MUA-M6YUJE-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

entre 347,18 e 403,37€
matrícula e mensualidade ordinaria 50,85€
matrícula tarde e mensualidade tarde 33,05€

entre 403,38 e 472,00€
matrícula e mensualidade ordinaria 76,25€
matrícula tarde e mensualidade tarde 49,56€

entre 472,01 e 537,83€
matrícula e mensualidade ordinaria 101,70€
matrícula tarde e mensualidade tarde 66,11€

entre 537,84 e 547€
matrícula e mensualidade ordinaria 101,70€
matrícula tarde e mensualidade tarde 66,11€

entre 547,01 e 672,29€
matrícula e mensualidade ordinaria 127,10€
matrícula tarde e mensualidade tarde 82,62€

entre 672,30 e 806,75€
matrícula e mensualidade ordinaria 127,10€
matrícula tarde e mensualidade tarde 82,62€

entre 806,76 e 1075,68€
matrícula e mensualidade ordinaria 127,10€
matrícula tarde e mensualidade tarde 82,62€

